



PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD DE CATRO (4) PRAZAS DE OFICIAL COIDADOR, MANTEMENTO, VIXILANCIA E CONTROL VIGOZOO INCLUÍDAS NA 2ª FASE DA OEP DOS ANOS 2020, 2021 E 2022.(QUENDA LIBRE)

ANUNCIO SOBRE A RESOLUCIÓN DAS RECLAMACIÓNS AO TEST E NOVAS PUNTUACIÓNS POR CORRECCIÓN DA OPCION DE RESPOSTA CORRECTA NA PREGUNTA 24 E ANULACIÓN DA PREGUNTA 26 SUBSTITUÍDA POLA PRIMEIRA DE RESERVA

PUBLICACIÓN ACORDOS DO ÓRGANO DE SELECCIÓN ADOPTADOS EN SESIÓN DO 27/01/2026:

“I.-SOBRE OS ESCRITOS DE RECLAMACIÓN S ÁS PREGUNTAS DO PRIMEIRO EXERCICIO:

Dentro do prazo de alegacións concedido (tres días hábiles a contar dende o seguinte á publicación das cualificacións, o 12 de xaneiro), presentáronse os seguintes escritos de alegacións contra preguntas do primeiro exercicio tipo test, celebrado o día luns 12 de xaneiro:

- Alegación formulada por J.F.M., presentada o 13/01/2026, con número de rexistro de entrada n.º 260007640, impugnando as preguntas números 10 e 15.

- Alegación formulada por R.P.C., presentada o 15/01/2026, con número de rexistro de entrada n.º 260008842, impugnando a pregunta 26.

- Alegación formulada por M.C.L.J., presentada o 15/01/2026, con número de rexistro de entrada n.º 260009708, impugnando as preguntas números 3 e 24.

- Alegación formulada por L.D.L., presentada o 15/01/2026, con número de rexistro de entrada n.º 260009724, impugnando a pregunta 15.

A continuación analízanse as alegacións, adoptando por unanimidade o órgano de selección os seguintes acordos respecto de cada unha das preguntas obxecto de alegación:

PREGUNTA N.º 3

“¿Cómo se denomina al útil, generalmente de madera, con dos lados bordeados sujetos de forma horizontal, con el que podemos transportar morteros y demás masas?

- a) Esparavel.
- b) Artesa.
- c) Gaveta.
- d) Cueza.”

A alegante indica que a pregunta tal e como está expresada induce a erro. E aporta dúas definicións diferentes de esparavel nas que se indica que serve para soste masa.

A pregunta non induce a erro por canto ningún dos elementos indicados nas opcións b), c) e d) se axustan a definición contida no enunciado que se refire a un útil de forma horizontal.

En consecuencia o órgano de selección acorda desestimar a alegación á pregunta número 3.



**PREGUNTA N.º 10**

“Las pinturas plásticas no se aplicarán cuando la temperatura sea inferior a:

- a) 12º
- b) 5º
- c) 10º
- d) No importa la temperatura, estas siempre se pueden aplicar.”

A alegante indica que a resposta correcta é a b) e non a c) como sae reflectido na plantilla de respostas. Porén a opción recollida como correcta na plantilla publicada o 12/01/2026 é a opción b), a mesma que sinala a alegante. Polo que esta alegación é incoherente.

En consecuencia o órgano de selección acorda desestimar a alegación á pregunta número 10.

PREGUNTA N.º 15

“Se considera barrera de separación en una instalación de un parque zoológico:

- a) Cualquier impedimento físico utilizado para contener a un animal dentro de la instalación.
- b) Cualquier impedimento físico que evite el acceso del público a la barrera de una instalación.
- c) Cualquier estructura que permita la circulación libre por el parque.
- d) Cualquier señalización de prohibición.”

Una alegante solicita a súa eliminación por dar lugar a equivocación as respostas da mesma. A outra alegación expresa que a opción correcta é a a).

Os documentos técnicos de referencia sobre zoos (AIZA) distinguen e definen os seguintes conceptos:

- Barreira da instalación: a que contén o animal dentro do recintos.
- Barreira de separación: unha barreira física adicional, separada da anterior, para que o público non poda acceder á barreira da instalación.

Polo tanto a resposta correcta é a opción b). Porque “barreira de separación” defínese como unha barreira física situada separada da barreira do recinto (barreira da instalación) e deseñada para evitar o acceso do público a esa barreira do recinto.

Como xa se indicou a opción a) describe unha barreira da instalación (contención). A opción c) non refire unha barreira, senón unha infraestrutura de circulación, e respecto da opción d) a sinalización non é unha barreira física.

En consecuencia o órgano de selección acorda desestimar a alegación á pregunta número 15.

PREGUNTA N.º 24

“¿Por qué es importante el Enriquecimiento Ambiental?

- a) Facilita el trabajo de los cuidadores.
- b) No promueve comportamientos propios de la especie.
- c) Ayuda a preparar, mental y físicamente, a los animales que no serán liberados.
- d) Si se ejecuta correctamente, sólo sirve como herramienta de conservación.”



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/01/2026 09:38	Páxina 2 de 5
46492-220	CSV: A8B1A8-A64HEA-8H8246-DTJ4LX-K4CXJE-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



A alegante manifesta que considera que a resposta correcta é a c), xa que o EA busca mellorar o benestar animal e promover estados físicos e emocionais positivos nos animais en cativeiro.

Como indica a alegante a opción máis correcta segundo los estándares de AIZA é a c). O enriquecemento é unha ferramenta de xestión do benestar que mantén aos animais activos e sans (mental e fisicamente) durante a súa permanencia na institución.

O enriquecemento ambiental é fundamental porque ten como obxectivo cubrir as necesidades físicas e psicolóxicas dos animais en todo momento. Segundo as fontes, a súa aplicación permite: Fomentar o benestar. Estimulación natural. Favorece as interaccións dos animais co seu entorno e lles permite desenvolver comportamentos máis complexos. Saúde integral que asegura que o animal estea equilibrado mental e fisicamente dentro das instalacións do centro.

As fontes non mencionan que o enriquecemento se deseñe para facilitar o traballo do persoal.

Polo tanto, procede estimar a alegación da aspirante por canto é errónea a resposta sinalada como válida para a pregunta 24 na plantilla de respostas publicada o 12/01/2026 (opción a)), acordando corrixir este erro indicando que a opción de resposta correcta para esta pregunta é a c).

PREGUNTA N.º 26

“Un mortero será desechado para su uso después de:

- a) 2 horas de su amasado.
- b) 4 horas de su amasado.
- c) 1 hora de su amasado.
- d) 24 horas de su amasado.”

A alegación basease en que o tempo aberto dun morteiro no é un valor fixo, senón que depende do conglomerante, resistencia, características, aceleradores... Que a normativa técnica determina que calquera morteiro debe ser refogado no momento en que inicie o fraguado. Polo que solicita a anulación da pregunta por non existir unha resposta única dado que o tempo de rexeitamento dun morteiro non pode fixarse de forma fixa en 2 horas.

O órgano de selección considera que a pregunta non está correctamente formulada tendo en conta que os morteiros non teñen unha única composición e características do que depende o seu proceso de fraguado.

Polo tanto, procede estimar a alegación da aspirante e anular a pregunta número 26, que pasa a ser substituída pola primeira de reserva (pregunta 31), cuxo enunciado é “En cuanto a la práctica de las notificaciones en los procedimientos administrativos:

- a) Siempre se practicarán por medios electrónicos.
- b) Se practicarán preferentemente por medios electrónicos y, en todo caso, cuando el interesado resulta obligado a recibirlas por esta vía.
- c) Se practicarán indistintamente por medios electrónicos o no electrónicos.
- d) Se practicarán por medios electrónicos sólo en los municipios de más de 50.000 habitantes.”.

II.-NOVA CORRECCIÓN COMO CONSECUENCIA DA CORRECCIÓN DA PREGUNTA 24 E ANULACIÓN DA PREGUNTA 26 SUBSTITUIDA POLA PRIMEIRA DE RESERVA

Vista a anterior motivación, o órgano de selección acorda:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/01/2026 09:38	Páxina 3 de 5
46492-220	CSV: A8B1A8-A64HEA-8H8246-DTJ4LX-K4CXJE-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Primeiro.- Corrixir o erro da plantilla de respostas publicado o 12/01/2026 respecto da resposta correcta da pregunta 24 na que se sinalaba como correcta a opción a), indicando que a opción de resposta correcta para esta pregunta é a c).

Segundo.- Anular a pregunta 26 e facer uso da primeira das preguntas de reserva (pregunta 31).

Terceiro.- Desestimar pola razóns expostas as alegacións referentes as preguntas 3, 10 e 15.

Cuarto.- Con base no acordo de corrección da plantilla de respostas respecto da pregunta 24 e da anulación da pregunta 26, substituíndose pola primeira de reserva, realízase unha nova corrección dos exames para o que se solicita a colaboración do funcionario, Luis Iglesias Rejas, do Servizo de Administración Electrónica, quen corrixe novamente os exames mediante o programa informático empregado para a corrección dos exercicios tipo test. A **PUNTUACIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO - PROBA TIPO TEST** queda como segue:

ID	Ben	Mal	NC	Nota
108093	22	3	5	6.83
111362	15	9	6	Non apto/a
111475	23	2	5	7.33
111588	7	12	11	Non apto/a
111601	18	6	6	5.00
111714	28	2	0	9.00
111827	14	3	13	Non apto/a
111940	20	10	0	5.00
112034	13	12	5	Non apto/a
112147	16	5	9	Non apto/a
112260	17	5	8	Non apto/a
112373	14	14	2	Non apto/a
112486	18	3	9	5.50
112599	17	4	9	5.00
112612	16	14	0	Non apto/a
112725	15	3	12	Non apto/a
112838	18	4	8	5.33

Quinto.- Publicar o resultado da nova corrección e a plantilla de resposta corrixida e incluíndo as preguntas de reserva na páxina web municipal e no taboleiro de editos do Concello, cos efectos previstos no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas que establece:

“En todo caso, los actos administrativos serán objeto de publicación, surtiendo ésta los efectos de la notificación, en los siguientes casos:

b) Cuando se trate de actos integrantes de un procedimiento selectivo o de concurrencia competitiva de cualquier tipo. En este caso, la convocatoria del procedimiento deberá indicar el medio donde se efectuarán las sucesivas publicaciones, careciendo de validez las que se lleven a cabo en lugares distintos.”





Sexto.- Contra as novas puntuacións do primeiro exercicio caberá interpoñer recurso de alzada, sen prexuízo de que os/as interesados/as poidan interpoñer calquera outro recurso que estimen proceden consonte a Dereito”.

III.- PLANTILLA DE RESPONSTAS CORRIXIDA.

1	A
2	B
3	A
4	B
5	C
6	D
7	D
8	C
9	A
10	B
11	A
12	D
13	B
14	D
15	B

16	B
17	C
18	D
19	A
20	A
21	A
22	A
23	A
24	C
25	A
26	anulada
27	A
28	C
29	B
30	D

Reserva 31	B
Reserva 32	C
Reserva 33	C
Reserva 34	B
Reserva 35	C
Reserva 36	B

A secretaria do órgano de selección
María José Loureiro Bada

